



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A ASOCIACIÓN NACIONAL DE PERITAXE SOCIAL PARA A COLABORACIÓN NA EMISIÓN DE INFORMES PERICIAIS DE TRABALLO SOCIAL

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de xustiza en virtude do artigo 20 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril. É desexo desta Vicepresidencia Segunda e Consellería a realización de todas aquelas actuacións coas que poida acadarse a maior eficacia en relación cos temas da Administración de xustiza en xeral, segundo as funcións que lle atribúe o Decreto 117/2022, do 23 de xuño que establece a súa estrutura orgánica.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos do presente convenio coa Asociación Nacional de Peritaxe Social para a elaboración ditames periciais de traballo social a solicitude dos órganos xudiciais de familia de modo que se poida superar o retraso acumulado.

Antecedentes:

Os equipos psicosociais do Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA) créanse a partir da incorporación ao mesmo dos psicólogos con destino en los xulgados de familia que existían na Coruña, Pontevedra e o adscrito á Clínica Forense de Vigo. Coa creación do IMELGA no ano 2006 e os cambios legislativos, nomeadamente en materia de violencia de xénero, fai que se creen prazas de psicólogos e traballadores sociais en todas as Subdireccións e que se dote dun segundo equipo nas poboacións máis grandes (A Coruña e Vigo). Así, no ano 2006, ano de creación do IMELGA, a plantilla de psicólogos e traballadores sociais do Imelga estaba constituída por 10 psicólogos e 9 traballadores sociais, sumándose outro psicólogo máis, con destino en Ourense, no seguinte ano 2007.





En materia de familia, os iniciais equipos, quedaron inmediatamente desbordados coa súa incorporación ao IMELGA, dado que viron subitamente aumentados o número de xulgados que tiñan que atender e, por tanto, o número de asuntos, xa que empezaron a responder as demandas de todo o territorio da Subdirección do IMELGA no que quedaron incorporados. Incluso nos territorios onde se nomeou un segundo equipo, os peritos non puideron respostar a gran demanda de valoración nesta materia, á que se sumou outras solicitudes de informes periciais, con especial significación da ligada á xustiza penal (violencia de xénero, credibilidade da testemuña en menores abusados, dano psíquico, imputabilidade, acoso, etc.)

Nestes anos non só se incrementou o tipo de valoracións que se pide a estes equipos, sendo cada día mais frecuente que os Xulgados e Tribunais acudan a eles para concretar algunha circunstancia importante para a toma de decisións e para concretar os danos sufridos como consecuencia da situación que se dirime ante o tribunal, senón que tamén produciuse un incremento no número total de demandas, tanto por tipo de pericias, como en números globais.

As peticións que atenden os equipos psicosociais van moito mais alá das que se tiñan en mente no tempo da súa creación, **se ao anterior engadimos as novas demandas de inmediatez que xorden dos cambios legislativos e da propia presión da sociedade**, atopamos unha situación gravemente disfuncional, con xeración de listas de espera en todas as Subdireccións do IMELGA, con tempos de espera superiores ao ano nalgúns territorios, e incluso con demoras de varios meses para as demandas que, por propia natureza (como as causas con preso), son de carácter urxente.

Neste tempo houbo moitos esforzos puntuais para solucionar o problema, intervindo naqueles sitios onde o retraso era maior, con nomeamento de equipos de reforzo. Pero esta medida revelouse insuficiente por varias razóns:

- Os distintos equipos de reforzo nomeados ao longo do tempo, non foron nunca capaces de alcanzar os obxectivos fixados, o que fixo que a lista de espera seguise medrando.
- O desaxuste entre a demanda pericial e a capacidade dos equipos foise incrementado co tempo, de modo que a pesares dos novos equipos de reforzo se volvía á situación de retrasos que se tiña procurado solucionar.

Esta situación de saturación está a afectar á totalidade da Administración de xustiza. Pero ademais a situación estase a agravar nos últimos anos. Os datos publicados polo Consello Xeral do Poder





Xudicial respecto ao funcionamento da Administración de Xustiza en Galicia son clarificadores: nos últimos cinco anos o número total de asuntos en trámite nos xulgados de Galicia pasou de ser 123.770 en 2016 a ser 155.980 en 2021, o que supón un incremento do 26,02 %. Pero esta situación aínda é mais marcada se nos circunscribimos á xurisdición civil, no que se encadran os xulgados de familia e, polo tanto, unha gran parte dos traballos dos equipos psicosociais, na que o incremento no último quinquenio foi do 54,01 %. O Consello Xeral do Poder Xudicial publica anualmente a taxa de conxestión (asuntos en trámite / asuntos resoltos), que é un índice que marca a evolución da carga de traballo da Xustiza. No caso de Galicia esta taxa pasou de ser de 1,49 a 1,57, polo que nos está a indicar que a situación de saturación se está a agravar nos últimos anos.

A esta situación temos que engadir unha nova anomalía no ano 2023: a folga indefinida dos Letrados da Administración de Xustiza dende o 24 de xaneiro ata a actualidade. O indiscutible papel relevante que estes técnicos teñen no funcionamento da Administración de Xustiza está sendo palpable, xa que debido a esta folga tiveron que suspenderse ata o momento 267.000 xuízos e están pendentes de entrada nos xulgados máis de 350.000 demandas.

Polo tanto, as "secuelas" que a parálise xudicial está a ter para os menos e as nenas que en moitas ocasións pasan a vida entre Servizos Sociais e visitas ao forense polos preitos sobre a custodia, son "incalculables". Unha situación que se traduce en que se están suspendendo todos os procesos principais que nalgúns casos son moi urxentes. Cando alguén está a esperar que se modifique o seu réxime de custodia, que se retire un Punto de Encontro Familiar (PEF) para normalizar as visitas cos seus fillos ou tras un divorcio están as medidas paternofiliales sen regular, a repercusión nas familias de calquera atraso, por mínimo que sexa, son situacións dunha alta complexidade emocional.

Esta delicada, urxente e excepcional situación que afecta especialmente as familias que teñen pendentes resolucións nos xulgados relativas a garda e custodia dos fillos, pensións de manutención, réxime de visitas, incapacidades, etc. deriva en que dende a Xunta de Galicia, débese actuar coa maior celeridade e urxencia, dando resposta a demanda que se pratea.

Seguindo un modelo xa establecido polo Ministerio de Xustiza para, entre outras cuestións, a emisión de informes periciais o presente convenio pretende actuar sobre esta situación tan gravosa para os cidadáns polo que, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e





Deportes pretende conveniar coa Asociación Nacional de Peritaxe Social para a elaboración dos informes periciais de traballo social solicitados polos xulgados de Galicia de modo que se poida superar o retraso acumulado e, así, contribuír a suavizar os efectos indesexables que a folga dos Letrados da Administración de Xustiza están a ocasionar as familias galegas. E o deber como Administración dar resposta de forma inmediata e urxente, e actuar con celeridade ante esta situación urxente e excepcional.

Tal e como xa se comentou, o funcionamento dos equipos psicosociais do Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA) están na actualidade desbordados polo gran número de informes que deben realizar, en grande medida porque se viron subitamente aumentados o número de xulgados que tiñan que atender e, por tanto, o número de asuntos, xa que empezaron a responder ás demandas, especialmente no ámbito de familia, de todo o territorio da Subdirección do IMELGA no que están integrados. Os técnicos destes equipos non puideron responder á gran demanda de valoración nesta materia, á que se sumou outras solicitudes de informes periciais, con especial significación da ligada á xustiza penal (violencia de xénero, credibilidade da testemuña en menores abusados, dano psíquico, imputabilidade, acoso, etc.). Para abundar nesta situación, non só se incrementou o tipo de valoracións que se pide a estes equipos, sendo cada día mais frecuente que os Xulgados e Tribunais acudan a eles para concretar algunha circunstancia importante para a toma de decisións e para concretar os danos sufridos como consecuencia da situación que se dirime ante o tribunal, senón que tamén produciuse un incremento no número total de demandas, tanto por tipo de pericias, como en números globais.

Como unha solución especial, urxente, puntual e excepcional, preténdese asinar un convenio coa Asociación Nacional de Peritaxe Social que ten por obxecto a realización de informes periciais de traballo social a solicitude dos órganos xudiciais en Galicia que, nestes momentos, están en lista de espera por non poder ser atendidos polos técnicos do IMELGA, sendo un dos obxectivos fundamentais desta, a avaliación da familia con fin de prestar un asesoramento a un Xuíz antes de que este se pronuncie, acadando a través da utilización do Método Básico de Traballo Social, localizar e á súa vez paliar os distintos prexuízos que poda experimentar o benestar social das persoas. Polo tanto as vantaxes que ofrece esta entidade a nivel Nacional son:

1. Que, aglutina ás e os profesionais do Traballo Social a nivel nacional.





2. Que, entre os seus obxectivos e procurar a excelencia na realización de peritaxes no traballo social forense.
3. Que poderá dispoñerese dun ditame máis completo e máis fundado, o que en definitiva satisfará mellor as necesidades e, fundamentalmente, resultará máis persuasivo a hora de ditar a resolución final polo Xuíz correspondente.
4. Que, o informe pericial do Traballador Social será un instrumento que achegue unha visión ampla da realidade, que axudará a ir máis aló dos prexuízos ou valoracións de tipo predictivo.
5. Que cobra un valor engadido ao ser o ditame dun experto imparcial, que requiriu dunha reflexión e un estudo, feito por un colexiado independente e non suxeito a subordinación algunha.
6. Que, se daría unha resposta rápida e con maior celeridade a este situación especial provocado polas circunstancias xa descritas, xa que o ditame pericial xoga un papel fundamental de arbitrio entre partes e con especial interese en resolver o conflito reducindo o custo económico do proceso xudicial nun estado previo.

A posibilidade da sinatura dun convenio desta natureza coa Asociación Nacional de Peritaxe Social encádrase na capacidade das administracións públicas para poder celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e mais no Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991, ademais esta colaboración coa Asociación Nacional de Peritaxe Social resulta de interese común e para a promoción de actuacións orientadas á defensa do interese público.

O fin social deste convenio ven sinalado polo feito que os informes que deberán ser realizados ao amparo del, versan nunha gran maioría dos casos sobre menores afectados por procedementos dos xulgados de familia ou incluso sobre menores vítimas de delitos, polo que resulta prioritario que os xulgados que entenden destes asuntos podan dispoñer, a maior brevidade posible, dos informes necesarios para a toma de decisións nuns ámbitos tan delicados.





Por este motivo, os peritos encargados da elaboración destes informes serán coidadosamente seleccionados pola Asociación Nacional de Peritaxe Social entre os titulados que cumpran cos requisitos xurídico administrativos para o exercicio profesional, e que teñan formación e/ou especialización no ámbito xurídico ademais de ter realizado actividades de similares características e exercerán as súas funcións sempre a petición dos xulgados e tribunais, actuando no ámbito da súa disciplina con plena independencia e baixo criterios estritamente científicos. Os ditames elaborados ao amparo do presente convenio deben conter entrevistas en profundidade do individuo, entrevistas a familiares, análises do contorna socio-laboral, informes laborais, etc e deben conter a descrición da persoa e o estado en que se atopa, así como as conclusións do perito sobre a análise realizada; ademais estes informes deben ser independentes e obxectivos, non podendo ser influenciado por ningunha das partes en conflito, nin deben estar realizados baixo a tutela dun superior xerárquico que poda desvirtuar a independencia e os criterios estritamente científicos empregados para a súa elaboración. Este é un aspecto fundamental á hora de elixir unha colaboración con una asociación e non un contrato con unha entidade mercantil: os profesionais están agrupados voluntariamente na Asociación Nacional de Peritaxe Social que ten como unha das súas finalidades a procura da excelencia na realización de peritaxes de traballo social forense, resaltando a súa potencialidade xudicial e facendo especial fincapé na especialización integral dos peritos nos ámbitos da xurisdición familiar e da violencia de xénero.

Un ditame pericial social realiza unha análise da faceta xurídica de conflitos no seo da familia dende unha perspectiva social, afectiva, educativa, cultural e socio-económica. Estes informes periciais realizados por peritos independentes, deben axudar a determinar as medidas, tanto provisionais como definitivas, que o órgano xudicial debe acordar no seo do procedemento, especialmente no caso de que haxa menores involucrados. Para conseguir esta finalidade, estes ditames analizan en profundidade ao individuos e aos seus familiares, tamén analizan o contorno socio-laboral coa finalidade de dar unha descrición completa da persoa analizada e do seu estado, chegando ás conclusións que son a verdadeira finalidade do informe.

Tendo presente o fin social destas actuacións, o convenio establece unhas **contías máximas como compensación económica pola realización destes informes**, garantindo, por unha banda, a axilidade que estes procedementos xudiciais demandan, e, por outra, a utilización racional dos recursos públicos, sen obviar os intereses lexítimos dos profesionais a quen se lles asignen a





elaboración destes informes técnicos, **de modo que se establecen as compensacións económicas tomando en consideración, non os prezos de mercado, se non a retribución media que lle outorga a Administración a un membro dun corpo para o que se esixa titulación similar á requirida pola materia de ditame, así como tamén a consideración de custo social desta actuación pola función social que se realiza.** Cuestións estas que redundan nas xa comentadas sobre a non conveniencia de abordar este tipo de informes mediante un contrato administrativo de servizos.

Finalidade: Para os efectos sinalados, e debido a esta situación excepcional e de carácter especial, tense previsto formalizar coa Asociación Nacional de Peritaxe Social, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o cumprimento, polas partes, das obrigas asumidas. En ningún caso excederá do 31 de decembro de 2023.

O convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Asociación Nacional de Peritaxe Social para a realización, por parte da Asociación Nacional de Peritaxe Social de informes periciais de traballo social a solicitude dos órganos xudiciais en Galicia. De modo que os traballadores sociais que realicen estes servizos deberán ser seleccionados entre os Colexiados que cumpran cos requisitos xurídico-administrativos para o exercicio profesional, conforme aos seguintes criterios e pola orde de prioridade en que se relacionan:

- 1.º O desempeño de actividades de similares características
- 2.º A formación e especialización no ámbito do traballo social xurídico.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

- Os traballadores sociais que presten estes servizos deberán ser seleccionados entre os profesionais que cumpran cos requisitos xurídico administrativos para o exercicio profesional, e que teñan formación e/ou especialización no ámbito xurídico ademais de ter realizado actividades de similares características. Exercerán as súas funcións sempre a petición dos xulgados e tribunais, que derivarán a petición directamente á Asociación Nacional de Peritaxe Social e de acordo coas instrucións concretas que estes indiquen para





cada caso, e actuarán no ámbito da súa disciplina con plena independencia e baixo criterios estritamente científicos, sendo esta cuestión o elemento esencial que determina a necesidade de establecer un convenio de colaboración coa Asociación Nacional de Peritaxe Social, dada a súa finalidade.

- A Asociación Nacional de Peritaxe Social ten como misión de poñer en valor as peritaxes sociais dando a coñecer a súa potencialidade xudicial procurando a excelencia das e os peritos sociais a través da súa especialización integral e a defensa dos intereses profesionais das persoas asociadas

Financiamento: Co fin de financiar as compensacións económicas polo nomeamento dos traballadores sociais que realizarán os informes periciais, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes financiará á Asociación Nacional de Peritaxe Social ata un importe máximo de 30.000 €, sendo abonada á Asociación Nacional de Peritaxe Social, do seguinte xeito:

- A Asociación Nacional de Peritaxe Social emitirá, con carácter mensual, a correspondente certificación do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda, na que se detalle os informes periciais efectuados. A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza comprométese a compensar economicamente á Asociación Nacional de Peritaxe Social os gastos que deriven da realización dos informes periciais, cunha cantidade máxima única a razón de 600 euros por cada informe, **que incluírá todos os gastos xerados pola intervención pericial**, sendo por parte da mesma, aqueles outros adicionais que non estean contemplados no obxecto deste convenio.
- Ademais, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes compensará á Asociación Nacional de Peritaxe Social pola organización da actividade realizada cunha cantidade de 1.800 euros .

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para resolver coa **maior celeridade esta situación excepcional e de carácter especial**, e desta forma atender a esas familias inmersas en **procedementos xudiciais nos que hai menores implicados, porque son mais**





que meros números, son persoas que necesitan da maior celeridade da Administración da Xunta de Galicia para dar resposta a súa situación, polo tanto debemos actuar de forma excepcional, inmediata e urxente, e articular as actuacións de referencia.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

José Tronchoni Albert

Director xeral de Xustiza

